

## **O presidente do Parlamento participa na entrega do Premio Losada Diéguez 2016, onde pon en valor o “rexurdimento” que protagoniza a cultura galega**

- **Subliña a “significación especial” da edición deste ano do premio, que leva o nome dun dos impulsores das Irmandades da Fala, das que se conmemora o seu centenario**
- **Foron premiados Leticia Costas, por *Un animal chamado néboa*, e Xosé Fernández Fernández, por *Vicente Risco. Mestre de Mestres***

**Santiago, 11 de xuño de 2016.-** O presidente do Parlamento de Galicia, Miguel Ángel Santalices Vieira, participou este mediodía en Boborás (Ourense) no acto de entrega do Premio Antón Losada Diéguez 2016, que nesta edición recaeu nas obras *Un animal chamado néboa*, de Leticia Costas, na modalidade de creación literaria; e en *Vicente Risco. Mestre de Mestres*, de Xosé Fernández Fernández, galardoado na modalidade de ensaio.

A xuízo de Santalices, os dous autores “son partícipes do rexurdimento da cultura galega” na actualidade, ao tempo que os felicitou pola concesión do galardón que nesta edición cobra un “significado especial” na medida en que honra a memoria de Antón Losada Diéguez, un dos impulsores das Irmandades da Fala das que en 2016 se celebra o centenario da súa fundación.

En opinión do presidente do Parlamento de Galicia, Losada Diéguez e cantos participaron nas Irmandades da Fala primeiro, e en *Nós* e no Seminario de Estudos Galegos, despois, “abriron novas canles de estudo, investigación e difusión da cultura e a realidade galega nas súas diversas manifestacións”.

Por iso, “a Galicia actual é o que é, en boa parte, grazas ao camiño aberto por eles”.

## **Recoñecemento colectivo**

En opinión do presidente do Parlamento, “o bilingüismo da Galicia actual, a elevada capacidade de autogoberno que exerce a Comunidade Autónoma e o rexurdimento que protagonizan as diferentes manifestacións culturais –arte, literatura, creación audiovisual,...- non son máis ca o resultado da sementeira impulsada por aqueles pioneiros de hai un século, que gañaron a pulso o recoñecemento colectivo do noso pobo”.

De Leticia Costas, a escritora galardoada nesta edición do Premio Losada Diéguez, Santalices destacou a “súa sólida carreira literaria” a pesar da súa xuventude”, poñendo tamén de relevo o crecente protagonismo feminino na literatura galega contemporánea. Ao tempo, valorou o “enfoque novedoso” sobre Vicente Risco da obra de Xosé Fernández Fernández, premiada na modalidade de ensaio.

Saúdos,  
Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.